

## **MANIFESTACIÓN DE VONTADES PARA A CREACIÓN E FUNCIONAMENTO DA REDE GALEGA DO ECOSISTEMA DE EMPREDEMENTO**

O Presidente da Xunta de Galicia, D. Alfonso Rueda Valenzuela e as entidades abaixo asinantes, reunidas no presente evento de Emprendemento ligado ao Territorio: Ultreia Galicia, celebrado en Nogueira de Ramuín en data 27 e 28 de novembro de 2025,

### **MANIFESTAN**

I. A súa vontade expresa de establecer un marco de colaboración co fin de impulsar a creación e o funcionamento dunha Rede Galega do Ecosistema de Emprendemento (REDE ULTREIA), orientada a mellorar a coordinación, a complementariedade e o impacto das actuacións de apoio ao emprendemento en Galicia.

II. A REDE ULTREIA concíbese como unha estrutura de coordinación estable, inclusiva e distribuída por todo o territorio galego, que integra a administración autonómica e local, universidades, GDR, cámaras, entidades empresariais, centros tecnolóxicos, espazos de coworking, viveiros, aceleradoras e organizacións sociais para apoiar, impulsar e acompañar o emprendemento desde unha perspectiva territorial.

A Rede nace coa finalidade de conectar os recursos e capacidades existentes en cada comarca, activando o talento local e transformando os recursos propios de Galicia —os seus sectores estratéxicos, o patrimonio natural, o coñecemento tradicional, a innovación e as comunidades locais— en proxectos emprendedores viábles, sostibles e con impacto social e económico.

O seu enfoque céntrase na creación dun sistema de apoio próximo, descentralizado e adaptado á realidade de cada territorio, garantindo que as persoas emprendedoras poidan acceder a formación, mentorización, acompañamento e financiamento independentemente do lugar no que vivan.

A Rede promove un modelo de emprendemento baseado en tres principios transversais: a sustentabilidade como garantía de futuro; a dixitalización como ferramenta de conexión e competitividade; e a innovación social como motor de cohesión territorial e resposta aos desafíos demográficos e comunitarios.

Deste modo, a REDE ULTREIA aspira a converter Galicia nun territorio de oportunidades distribuídas, reducindo desigualdades, fortalecendo a cohesión territorial e facendo posible que calquera persoa poida emprender e construír o seu futuro sen ter que marchar.

III. Que son obxectivos que debe perseguir a REDE ULTREIA:-

- O fomento dun emprendemento sostible e arraigado nos distintos territorios de Galicia, promovendo as sinerxías entre os diferentes axentes implicados.

- A xeración de novas oportunidades de desenvolvemento para as persoas emprendedoras mediante o acceso a redes de apoio, financiamento, información e asesoramento.
- O impulso da innovación e a competitividade dos proxectos emprendedores.
- A coordinación de esforzos para evitar a fragmentación de recursos e potenciar o impacto das accións dos diferentes axentes no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.
- A existencia dun modelo de gobernanza colaborativa, baseado na participación activa, a corresponsabilidade e a transparencia entre as entidades asinantes.
- A participación activa dos integrantes da Rede na elaboración dunha estratexia galega de apoio ao emprendemento ligado ao territorio.
- A aposta pola sustentabilidade ambiental, a innovación social e a posta en valor das potencialidades específicas de cada territorio galego.
- A vontade de garantir unha presenza equilibrada dos diferentes territorios da Comunidade Autónoma, promovendo nodos ou espazos de coordinación territorial que teñan en conta as súas particularidades económicas, demográficas e sociais.
- A implementación de protocolos comúns de derivación e seguimento, que permitan evitar duplicidades na atención ás persoas emprendedoras e mellorar a eficiencia dos recursos públicos e privados.

IV. Que para levar acabo esta colaboración e cumprir a finalidade última da creación da Rede, manifestan a súa vontade de constituír un Comité Asesor que defina as liñas xerais de actuación da futura Rede e propoña as medidas necesarias para acadar os seus obxectivos.

V. Que o desenvolvemento do aquí manifestado plasmarase nun Acordo de colaboración entre as partes asinantes que establecerá o procedemento de creación da Rede así como o réxime de funcionamento da mesma, regulando do mesmo xeito o réxime de adhesión e saída de calquera entidade que queira formar parte da Rede.

VI. A adhesión á presente manifestación non comporta compromiso de aportación económica por parte dos asinantes.